



Na toma de posesión de dous novos conselleiros do Consello de Contas, a presidenta do Parlamento admite que “a clase política non goza precisamente dunha elevada reputación entre a opinión pública” e anima a mudar a situación

## **Pilar Rojo recomenda “redobrar os esforzos” de control sobre o uso dos recursos públicos como fórmula para recuperar a confianza dos cidadáns**

- Na súa opinión, ese reclamado cambio de actitude non só reanimará a ilusión dos cidadáns pola política, senón que propiciará un clima de confianza acaído para a reactivación da economía

**Santiago, 4 de novembro de 2009.-** “Redobrar os esforzos dos órganos de control externo, como o Consello de Contas, revélase”, en opinión da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, “como unha das estratexias máis acaídas para recuperar a plena confianza dos cidadáns nas institucións democráticas e no uso que se fai dos recursos públicos”.

Na toma de posesión de José Antonio Orza Fernández e de Ramón José Núñez Gamallo, como conselleiros do Consello de Contas de Galicia, a presidenta da Cámara autonómica reclamou un “esforzo redobrado” dos órganos auditores, dado que, como recoñeceu, “a clase política non goza precisamente dunha elevada reputación entre a opinión pública”.

O acto contou coa asistencia do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, do conselleiro maior do Consello de Contas, de varios conselleiros, de deputados e doutras autoridades.



## **Mellora da calidade da democracia**

En opinión de Rojo Noguera, “canto maior sexa o rigor do traballo fiscalizador do Consello de Contas, maior será a calidade do medio democrático no que se desenvolven as nosas vidas, e maior será tamén a confianza dos cidadáns nos xestores públicos aos que lles levan confiado a administración dos recursos económicos sufragados cos impostos de todos”.

Nesta liña, aseverou que ese esforzo adicional dos órganos de control externo “debe ir acompañado, inescusablemente, dun empeño paralelo por parte das institucións controladas para facilitar cantos documentos e información complementaria lles sexan demandados desde o Consello de Contas, na liña dos diferentes pronunciamentos efectuados, en tempos recentes, por esta Cámara”.

## **Necesario cambio de actitude**

Abondando na mesma idea, e sen que iso implique crítica ningunha, Rojo Noguera recomendou tamén “un cambio de actitude dos xestores públicos”, para que cada unha das administracións e entes auditados “poñan un maior empeño” en materializar as recomendacións do Consello de Contas.

Só actuando dese xeito “estaremos dando un gran paso adiante cara a recuperación da ilusión do conxunto da cidadanía pola política e os seus artífices. E contribuiremos tamén a crear o clima de confianza global que todos cobizamos, e que tan necesario resulta para superar a difícil situación económica que estamos a atravesar”.

No acto celebrado este mediodía no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, a presidenta da Cámara tivo palabras de agradecemento e recoñecemento para o labor desenvolvido polos conselleiros do Consello de Contas



relevados hoxe: Xaquín Álvarez Corbacho e Francisco Constenla

Aos que tomaron posesión –Orza Fernández e Núñez Gamallo– a presidenta da Cámara deulle a benvida e animounos a traballar con “autonomía de criterio e rigor técnico para desenvolver, con absoluta garantía, o labor que se lles encomenda”.

Rematado este acto, a presidenta do Parlamento recibiu no seu despacho ao líder de ERC, Joan Puigcercós. Ao encontro tamén asistiron representantes dos grupos parlamentarios do PPdeG, do PSdeG-PSOE e do BNG na Cámara galega.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia